

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS

Sábado 18 de Febreiro do 2017, Praia de Cabío (A Pobra do Caramiñal)

ORGANIZAN: O Servizo de Deporte da Coruña, da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

COLABORAN: Federación Galega de Atletismo, O Concello da Pobra do Caramiñal, Agrup. Dep. As Rías, e Begano Coca-cola

PARTICIPANTES

Poderán tomar parte nesta Fase Provincial, todos os Clubs e Colexios clasificados nas correspondentes fases Intercomarcais das Zonas de Coruña, Ferrol, Noia e Santiago, e que formalicen previamente a súa inscrición, ademais de ter feita a mutualización obrigatoria dos/as corredores/as na web: www.deporteescolargalego.com

IDENTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN DOS PARTICIPANTES

Os participantes deberán aportar a ficha do programa "Xogade" con foto na cámara de chamadas, que facilita o programa informático na páxina de Internet www.deporteescolargalego.com, ou <http://deporte.xunta.es>, no que consta o nº de identificador de deportistas, adestradores/as e delegados/as. De non ser así, é aconsellable vir provistos de D.N.I. En calquera momento, o Xuíz Árbitro da competición ou calquera membro da organización cualificado para elo, poderá solicitar a IDENTIFICACIÓN dos participantes. Polo tanto, os delegados da cada clube ou colexio deberán portar o día da proba o listado da identificación dos atletas dos que sexan responsables

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

INFANTIL...: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2003-2002 masculino e feminino.

SECRETARÍA PROBAS

A Secretaría xeral da competición, estará debidamente sinalada dentro do circuíto, lugar onde recollerán os dorsais os adestradores ou delegados das entidades participantes

SISTEMA DE COMPETICIÓN CAMPIONATO PROVINCIAL

Neste Campionato Provincial, as entidades clasificadas poderán formar os equipos seleccionando aos seus atletas. Cada entidade deberá participar na súa provincia correspondente.

Ademais, poderán participar de xeito individual os deportistas clasificados nas distintas Fases Intercomarcais entre os 8 primeiros e que non formen parte dos equipos clasificados, en ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegara a partir do 8º clasificado.

LUGAR E DATA

Sábado 18 de Febreiro do 2017, no circuíto da Praia de Cabío (A Pobra do Caramiñal)

HORARIO

Entrega de dorsais.....: 10:00 horas, ou 30 minutos antes da proba correspondente na que participen

Desenrolo da Proba...: Dende as 11.15 -13.30 horas

PREMIOS

Hora entrega: 13.45h.

Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados individuais de cada categoría, e trofeos aos 3 primeiros equipos clasificados de cada unha.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes neste Campionato Provincial de Campo a Través Escolar, farase **antes das 20.00 horas do xoves 9 de febreiro do 2017**, utilizando a folla que se adxunta a esta normativa, que deberán enviar por correo electrónico a deportes.coruna@xunta.es e direcciontecnica@fgatletismo.com, ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfra2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club, no caso de non ter dita clave poden solicitala ao Servizo de Deporte ou a Federación Galega de Atletismo. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información.

O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de DOUS cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na Secretaría de Competición, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/as corredores/as.

DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaría até 30 minutos antes do comezo de proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose o que non a leve así.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por un mínimo de catro e un máximo de seis corredores/as, dos/ as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

Todos os participantes deben presentarse portando a camiseta do seu club ou centro, da mesma cor.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- **Individual.....:** Segundo a orde de entrada na meta.

- **Por equipos..:** A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4 (benxamín, alevín, infantil) ou 3 (cadete) atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Para o campionato galego de alevín, infantil e cadete, clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así como os 8 primeiros atletas clasificados individualmente que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. En ningún caso se correrá o posto de invitado aos atletas que chegaran a partir do 8.º clasificado.

No suposto de que un atleta clasificado individualmente desexe puntuar para un equipo da mesma entidade, e non formara parte do mesmo na fase anterior, deberá inscribirse no equipo. Ademais, non se poderá inscribir no seu lugar a outro atleta como clasificado individual.

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen no campionato intercomarcal, previa proposta razoada da FGA, e debidamente documentada.

DISTANCIAS E HORARIOS

Categoría	Distancia aproximada	Saída das Probas:	VOLTAS
Benxamín feminino	700 m	11.15 h.	1 volta A
Benxamín masculino	700 m	11.30 h.	1 volta A
Alevín feminino	1200 m	11.45 h.	2 voltas B
Alevín masculino	1600 m	12.00h.	1 volta B + 1 volta C
Infantil feminino	1600 m	12.15 h.	1 volta B + 1 volta C
Infantil masculino	2000 m	12.30 h.	2 voltas C
Cadete feminino	2500 m	12:50 h.	1 voltaA- B + 2 voltas C
Cadete masculino	4000 m	13.10 h.	4 voltas C

Todos os atletas pasarán pola cámara de chamadas, 20 minutos antes do comezo da súa proba, coa licenza con foto de Xogade, ou co DNI.

HOSPITALES E AMBULANCIA

No caso de lesión os/as deportistas serán atendidos/as en primeira instancia na ambulancia, sita no mesmo circuito, e no caso que sexa necesario trasladalos/as a un centro médico, deberán levar cuberto o parte de accidentes e trasladalos ao centro médico correspondente (a ambulancia e maila Organización, terán partes a disposición dos/as lesionados/as).

POLICLÍNICO LA ROSALEDA
Rúa Santiago León de Caracas, nº 1
15706 Santiago de Compostela
Teléfono 981551200

TELÉFONOS ORGANIZACIÓN

Servizo de Deporte A Coruña
 Teléfono: 881960767
 Agrupación Deportiva "As Rías"
 Móbil 670564597
 Correo Electrónico: deportes.coruna@xunta.es

TRANSPORTE

As entidades que veñan de fora de A Pobra do Caramiñal, e precisen transporte, deberán solicitalo ao Coordinador da súa Zona, indicando nome entidade, concello, lugar e hora de saída, nome delegado e móbil de contacto, e enviar dita solicitude **antes das 20.00 horas do xoves 9 de febreiro do 2017**, unha vez formalizaran a súa inscrición na proba, aos correos que se indican a continuación:

Zona Coruña...: sdbus.co@hotmail.es
 Zona Ferrol.....: deporteidadeescolar@hotmail.com
 Zona Noia.....: adasrias@gmail.com
 Zona Santiago.: paalva53@edu.xunta.es

coordinador: Servizo Deporte 881960767
 coordinador.: José Amando (móvil: 660/211.720)
 coordinador.: Manolo Fontenlos (móvil: 670/564.597)
 coordinador.: Francisco Álvarez (móvil: 689/459.794)

PLANO e INFORMACIÓN XERAL DO RECINTO APARCADOIRO BUSES E PARTICULARES E ASEOS E DUCHAS

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS

18 DE FEBREIRO DE 2017

**Circuito
 Praia de Cabio**

CATEGORÍA	HORA	PERCORRIDO
BENJAMIN FEMININO	11:15 h.	700 metros (1 Volta A)
BENJAMIN MASCULINO	11:30 h.	700 metros (1 Volta A)
ALEVIN FEMININO	11:45 h.	1.200 metros (2 Volta B)
ALEVIN MASCULINO	12:00 h.	1.600 metros (1B + 1C)
INFANTIL FEMININO	12:15 h.	1.600 metros (1B + 1C)
INFANTIL MASCULINO	12:30 h.	2.000 metros (2C)
CADETE FEMININO	12:50 h.	2.500 metros (1A-B + 2C)
CADETE MASCULINO	13:10 h.	4.000 metros (4C)



A POBRA DO CARAMIÑAL





OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org, e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: <http://deporte.xunta.es/>